

deportes > varios

Cuadriatlón Cidade de Tui o máis urbano dos circuitos

por VS - 22/07/2009



Edición 2008.

Federación Galega de Triatlón e do Concello de Tui.

Quedan dez días para a celebración do VI Cuadriatlón Cidade de Tui Gran Premio Orange. Será o **sábado 1 de agosto** sobre un circuito urbano que terá o seu punto neurálgico no Paseo Fluvial de Tui, onde estará a saída e os boxes. Este ano como novidade a liña de meta situarase no Paseo da Corredera.

Esta proba, de carácter popular, é a **única en España que se realiza íntegramente en circuito urbano**. Destaca ademais por ser unha das cinco competicións existentes a nivel nacional na que os participantes teñen que afrontar a catro disciplinas deportivas.

Esta nova edición do **Cuadriatlón Cidade de Tui** vén precedida pola excelente acollida e participación que se rexistrou nas anteriores, o que levou á Asociación de Monitores de Tempo Libre **Vagalume** a realizar esta sexta convocatoria coa colaboración da

SOBRE ESTE ARTIGO

Este artigo aínda non foi valorado

danos a túa opinión

- 5 - excelente
 3 - bo
 1 - regular
 4 - moi bo
 2 - aceptable
 0 - malo

Os participantes terán que realizar **700 metros a nado en augas do río Miño, 18 km en bicicleta por circuito urbano, 3 km en piragua de novo no Miño** e para rematar **7 km correndo polas rúas da cidade**, para concluír no Paseo da Corredera onde estará a liña de meta.

A participación pódese realizar tanto de forma individual, celebrándose a competición a partir das 17h, como por parellas cuxas probas realizaranse ás 12h. **A inscrición permanece aberta ata o vindeiro martes, 28 de xullo, ás 14h**. Os interesados poden descargarse o boletín de inscrición e toda a información na web www.cuadriatlontui.com. Poden solicitar máis información no teléfono 654.17.95.39 ou no correo electrónico info@cuadriatlontui.com.

Contáctanos | Anúnciate

Aviso legal

© ES. Comunicación Profesional '08
Tódolos dereitos reservados

 Programa
Antenas Camerales


- Comercio Exterior
- Creación de empresas
- Certificados digitales

